

Alvarellos Editora publicará catro obras do certame de poesía vilalbés

► A edición destes volumes de 2011 e 2012 ten por obxectivo aumentar a participación

LARA LOZANO

✉ vilalba@elprogreso.es

VILALBA. Os premiados do Certame Literario de poesía que o Concello de Vilalba realiza dende hai 39 anos verán a súa obra publicada grazas a un acordo de coedición entre o Concello e a editora Alvarellos. Os volumes gañadores corresponden ás dúas últimas edicións do concurso, a número 37, de 2011, e a número 38, de 2012.

As obras premiadas que se publicarán son catro —‘Río Alzheimer’, de Carlos Pereira, (primeiro premio de 2011), ‘Entre as paredes do silencio’, de Martiño Maseda, (segundo premio de 2011), ‘Quenda da catividade’, de Xoán Xosé Piñeiro Cochón (primeiro de 2012) e ‘Nenias chairegas’, de Xosé Otero Canto (segundo premio de 2012)— e presentaranse ao público o vindeiro 23 de agosto nun acto na capital chairega, ao que asistirán os autores galardoados.

Alvarellos estréase este ano como editora das obras gañadoras correspondentes ás dúas últimas edicións ao certame literario de poesía. Nas anteriores, a encarga-

da de editar os volumes agraciados foi Espiral Maior.

A publicación destas obras ten como obxectivo «cumprir o gusto de publicar dos participantes, que realmente é o que máis importa xunto co premio económico», segundo indica o concelleiro de cultura vilalbés, García Leira, que sinala ademais que a publicación das obras «é unha maneira de fomentar unha maior participación neste tipo de concursos».

O Certame Literario de Vilalba consta de dous premios, cun galardón de 3.000 euros para o primeiro clasificado, ademais dun diploma e flor natural, e outro de mil euros, tamén con flor e diploma, para o segundo.

O prazo para a presentación das obras ao certame continúa aberto para aqueles que desexen presentar traballos. Así, o fallo do xurado, composto por José María García-Leira, Darío Villanueva, José Carlos Rodríguez Andina, Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz comunicárase o día 24 de agosto. O 30 será a entrega de premios coincidindo co inicio do San Ramón.